

Ola amiguiñ@s! esta semana as nosas propostas van ser moi apetecibles... preparad@s?

Luns 25, xa sabemos que sodes uns expertos/as na cociña, así que o noso reto é cociñar unha saborosa receita coa axuda das familias, apetécevos?

So precisades unha folliña de papel, un lapis e ganas de desfrutar na cociña! Primeiro pensade entre todos/as que vos apetece elaborar e despois anotade na folliña con lapis e coa axuda dos familiares os ingredientes que precisades.




LISTA COMPRA

Enviarémosvos un vídeo de exemplo para que vos sirva de guía para a gravación da vosa receita que faredes ao final da semana.

Martes 26, despois de pensar a receita toca facer a lista da compra. Podedes facer de dúas formas: repasar na lista feita o día anterior os ingredientes que precisades mercar ou escribir unha nova lista cos ingredientes que non tedes na casa e que precisades mercar na tenda.




Mércores 27, como xa sabedes facer unha lista da compra tedes que facer a da ficha número 26 do libro de mates ¿Qué hay que comprar? e completala cós ingredientes que vos piden.



Xoves 28, o noso compi Óscar enviounos un vídeo coa súa letriña, xa sabedes que o seu nome ten a letra C forte... imos pensar outras palabras que a teñen... cocina, cociñeira, cociñar, comida, coco, coliflor, cabaza... seguro que se vos ocorre algunha máis.

Tedes que facer fichiña da letra C maiúscula, primeiro repasades con lapis e despois podedes repasar con rotuladores de cores e colorear a casa como máis vos guste.



Venres 29, agora que xa fixestes a compra e tedes os ingredientes necesarios para a vosa receita, é o momento de meternos na cociña. A lavar as máns, poñer o mandilón e a cociñar pequenos/as chefs!



Unha vez rematada a receita tedes que gravar un pequeno vídeo explicando que ingredientes utilizastes, explicando brevemente como foi a elaboración e ensinando o resultado final.

Ten que ser un vídeo sinxelo e corto, non fai falta que graves o paso a paso. Tedes todo o fin de semana para preparar as vosas delicias.



E así rematamos o mes de maio, que pasedes unha boa semana e degustedes as vosas receitas en boa compañía.

Moitos bicos e abrazos para os cociñeir@s!